

.....

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO



IES AS TELLEIRAS

2019-2022

Data de aprobación: 28/06/2019

.....

Índice:

INTRODUCCIÓN.....	3
1. EQUIPA RESPONSABLE	3
2. ANÁLISE DO CONTEXTO	4
2.1. O Concello de Narón	4
2.2. O IES As Telleiras	4
2.3. Situación sociolingüística do centro.....	5
2.3.1. O contexto sociolingüístico do centro.....	5
2.3.2. A situación do profesorado	8
2.3.3. A situación do alumnado.....	9
2.3.4. A ambientalidade lingüística do centro.....	10
3. DEFINICIÓN DA ZONA DE MELLORA	13
4. OBXECTIVOS DO PROXECTO	13
5. ACCIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER.....	15
5.1. Para o fomento da lingua galega.....	15
5.2. Para a mellora da competencia lingüística das dúas linguas oficiais:.....	15
5.3. Para a mellora da competencia en linguas estranxeiras.....	16
6. ORZAMENTO E RECURSOS NECESARIOS.....	17
7. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN INTERNA.....	18
8. ANEXOS.....	18

INTRODUCCIÓN

Como ben se reflicte no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.

Por outra banda, a linguaxe xoga un papel fundamental na formación do alumnado, xa que é a ferramenta principal de comunicación, de socialización e de aprendizaxe. Polo tanto, ten que ser un dos eixos vertebradores da nosa planificación. Debemos establecer, neste plan lingüístico do centro, as actuacións para a mellora da competencia en comunicación lingüística e para logralo é necesario que nel estea implicado todo o profesorado.

1. EQUIPA RESPONSABLE

O grupo de traballo encargado da elaboración deste Plan Lingüístico de Centro formouse segundo o artigo 14.2 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia: *“O proxecto lingüístico será redactado por unha comisión do profesorado do centro, nomeada polo equipo directivo e oída a comisión de coordinación pedagóxica. Formarán parte dela, como mínimo, os xefes/as dos departamentos de linguas e o coordinador/a do equipo de dinamización da lingua galega. Será aprobado e avaliado polo consello escolar do centro educativo”.*

PROFESORADO INTEGRANTE DO GRUPO DE TRABALLO ENCARGADO DA ELABORACIÓN DO PLC

- Eva María Ríos Vázquez (Coordinadora do Equipo de Dinamización da Lingua)
- Carmen Lamas Montero (Xefa Departamento Lingua e Literatura Castelá)
- María Xosé Yáñez Gradaílle (Xefa Departamento de Lingua e Literatura Galega)
- Mercedes Rodríguez Calvo (Xefa Departamento de Lingua Inglesa)
- Ángeles Ulloa González (Xefa Departamento Lingua Francesa)

2. ANÁLISE DO CONTEXTO

2.1. O Concello de Narón

Narón é un dos municipios máis poboados de Galicia. É un municipio mixto, con sete parroquias eminentemente rurais nas que viven menos da cuarta parte da poboación e cun núcleo urbano de máis de 39.000 habitantes formado polos barrios de A Gándara, A Solaina, O Alto do Castiñeiro, Piñeiros, O Couto, Freixeiro e Xuvia, destacando pola súa poboación as catro primeiras. O alumnado ten unha procedencia heteroxénea, reflexo do concello onde se atopa.

Trátase dun municipio semiurbano de dimensión media, cunha elevada densidade, dinámico, cun importante nivel de actividade no sector industrial aínda que fortemente terciarizado e que presenta unha gran capacidade de atracción migratoria. Aínda así a maior parte do alumnado que temos no centro é de procedencia galega, e hai escasa incidencia de alumnado doutras etnias e doutras nacionalidades.

2.2. O IES As Telleiras

O IES As Telleiras é un centro de ensinanza de carácter público. Foi creado no ano 1985 coa construción dun primeiro edificio, e ampliouse con outros dous novos no ano 1988; un para aulas e outro para utilizar como salón de actos. Foi no ano 1998 cando adquiriu a designación de IES AS TELLEIRAS, sendo ata entón o Instituto de Bacharelato Mixto de Narón.

O centro conta con 3 edificios nos que se reparten as seguintes estancias:

- ◆ Edificio principal onde se localizan as aulas de 1º, 2º e 3º ESO, ESA e BAC semi-presencial, unha aula de Informática, dúas aulas de desdobres, 4 laboratorios (Bioloxía, Física, Química e Xeoloxía), un taller/aula de Tecnoloxía, aula de Música, ximnasio, biblioteca, aula de convivencia, así como os diferentes despachos de dirección, secretaría, orientación, calidade,.. e zonas comúns (cafetería, sala de profesorado,..).
- ◆ Edificio secundario onde se localizan as aulas de 4º ESO, e 1º e 2º de BAC, dúas aulas de Informática e catro de desdobres.
- ◆ Edificio anexo onde se localiza o Salón de Actos.
- ◆ Ademais cóntase coa colaboración do Concello para a cesión dun pavillón cuberto e para a impartición dos correspondentes módulos asociados a unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais do ciclo de Formación profesional Carpintaría e Moble no taller propiedade do Concello sito no Polígono de A Gándara, para o cal se asina un convenio entre o Centro e o Concello que se renova anualmente.

En canto ás infraestruturas e equipamentos do centro, en xeral, son adecuadas para a prestación do servizo educativo demandado, xa que, a maiores das instalacións xa citadas dispónse de ordenadores para todo o alumnado de 1º e 2º de ESO, e proxector e pizarra dixital na maioría das aulas.

Con respecto ao persoal que presta os seus servizos no centro:

- o claustro está formado por profesorado, na súa maioría, con destino definitivo (máis do 75%) e que procede da comarca de Ferrolterra.

- o P.A.S. (Persoal de Administración e Servizos) está constituído por 2 auxiliares administrativos, 3 conserxes, 5 persoas de limpeza e 1 coidadora. De novo, a maioría deste persoal ten o destino definitivo no centro e son procedentes da comarca.

A matrícula do centro oscila en torno aos 550 e 600 alumnos/as, dependendo do ano, que se agrupa en ensino diúrno e adultos (bacharelato semipresencial, ESA e FPB de carpintería e moble). Máis do 90% do alumnado cursa estudos na modalidade de diúrno, distribuído normalmente en 12 unidades de ESO e 6 de BAC, aínda que, cando é posible, realízanse desdobres, especialmente nos primeiros niveis da ESO. Procede maioritariamente do concello de Narón, tanto da zona urbana como da zona rural.

2.3. Situación sociolingüística do centro

Para a análise deste aspecto utilizouse como método a realización de cuestionarios ás familias, ao profesorado e ao alumnado que permitiron coñecer os datos da realidade do noso centro; aínda que tamén recorremos a outras fontes: observación directa da realidade, páxinas web,...

Os resultados das enquisas analízanse nos apartados seguintes e apórtanse as preguntas e as gráficas correspondentes nos Anexos I, II e III.

2.3.1. O CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

As variables deste punto refírense á maior presenza das linguas no contexto físico e social en que está situado o centro e son as seguintes:

- Lingua empregada habitualmente nas familias.
- Lingua empregada habitualmente nas interaccións comunicativas.
- Lingua empregada polo concello.
- Lingua empregada polas entidades asociativas do contorno.

Para a análise da primeira, **a)**, acudiuse a unha fonte primaria: elaborouse un sinxelo cuestionario que se pasou a todas as familias do alumnado de diúrno do noso centro, aínda que os datos obtidos non poden ser tomados de forma categórica debido a que a porcentaxe de enquisas recibidas non foi moi elevada: das 441 posibles se recolleron 300, o que supón un 68,03% de enquisas analizadas, que nos poden dar unha idea dos usos da contorna máis próxima do alumnado. Nelas preguntábase tanto a nais como a pais, ou no seu defecto ao titor/a legal, de xeito que contestaron 571 persoas, aínda que non todas a todas as preguntas (a que menos respostas tivo - 564- foi a relacionada coa actitude cara á normalización social do galego).

A variable **b)** analizouse a partir da observación directa e da percepción que ten o profesorado consultado a través dunha enquisa.

Para analizar a variable **c)** tivemos en conta as seguintes fontes:

- Medios dixitais:
 - [Sede electrónica do Concello](#): na que se atopan todos os servizos, trámites, anuncios, edictos, solicitudes e outras informacións que o concello pon á disposición da poboación.
 - A [web do Concello de Narón](#), así coma as webs municipais ás que se pode acceder a través desta: deportes, cultura, policía local, mocidade, turismo,...
- Observación directa da realidade: cartelería, sinalizacións,...
- Contactos do centro co concello (correos electrónicos, documentos informativos variados,...)

Por último, para a variable **d)** baseámonos na observación directa da realidade tendo en conta aquelas entidades que teñen máis presenza na nosa comunidade educativa.

A continuación procedemos a expoñer os datos obtidos en relación a cada variable:

- **Lingua empregada habitualmente nas familias**

Á pregunta *Cal é a lingua que utilizas habitualmente no teu ámbito familiar?* respondeu un total de 568 persoas, cos seguintes resultados: 11%: empregan habitualmente o galego; 64%: empregan o castelán; 23%: utilizan indistintamente galego e castelán e 2%: usan outra lingua distinta.

Ante a pregunta *Cal é a lingua que utilizas habitualmente na túa vida cotiá?* responderon 570 persoas cuns datos similares ao apartado anterior: 10,2% (galego), 63,5% (castelán); 25,6% (galego e castelán) e 0,7% (outra lingua).

Estes datos amosan que a lingua máis empregada no ámbito familiar e social é o castelán. Aínda así, cando se lles pregunta pola súa competencia lingüística no uso da lingua galega, o 86% considéranla de aceptable para arriba (o 13%: excelente, o 33%,: moi boa e o 40%: aceptable).

Se a estes datos lles engadimos os obtidos nas preguntas sobre a súa valoración da nosa lingua, comprobamos que hai unha actitude moi favorable nas familias cara a ela; de feito só o 3% ten unha actitude negativa fronte a normalización social do galego e, con respecto á súa utilización no ámbito educativo, o 33% considera que é algo moi positivo e o 47% vena como enriquecedora.

- **Lingua empregada habitualmente nas interaccións comunicativas**

En xeral, a lingua máis utilizada é o castelán; tanto é así que, cando se lle preguntou ao profesorado pola presenza do galego a consideran baixa ou escasa nos seguintes contextos: instituto (74%), poboación (77%), medios de comunicación (73%) e entre o alumnado (95%). Este último dato é o máis salientable e, quizais, no que máis deberíamos incidir neste proxecto.

- **Lingua empregada polo concello**

Analizadas todas as fontes mencionadas anteriormente pódese concluír que a lingua utilizada é o galego, aínda que en ocasións se utiliza tamén o castelán:

a) fontes dixitais

- O galego é a única que se emprega na súa sede electrónica (tanto nas informacións que se ofrecen aos usuarios como en todos os documentos que se poñen á súa disposición para realizar calquera trámite) .

- Con respecto á páxina web do concello, úsase tanto o galego como o castelán, aínda que, se temos en conta as distintas páxinas ou os diferentes espazos, podemos dicir que predomina a 1ª: galego (na maioría dos enlaces aos que se pode acceder desde a páxina principal: cultura, deportes, policía local, turismo, mocidade, igualdade,...); castelán (páxina principal e catro subpáxinas de información xeral cos seus distintos apartados: *Ayuntamiento, La ciudad, Industria e Ocio*).

b) É o galego tamén a lingua utilizada en todo o concello nas sinalizacións e na cartelería que proceden deste organismo.

c) Nos contactos co centro emprégase tamén o galego de forma sistemática, sobre todo, cando se trata de comunicacións escritas.

- **Lingua empregada polas asociacións do contorno**

Ao tratarse dun concello tan extenso e con tantas parroquias, hai moitas asociacións de toda índole (veciñais, deportivas, culturais...); na maioría emprégase o galego, especialmente nas que se localizan na zona rural.

2.3.2. A SITUACIÓN DO PROFESORADO

Para elaborar o perfil sociolingüístico do profesorado realizouse unha enquisa ao persoal docente con destino definitivo no centro. Recolléronse 23 enquisas das 46 posibles, que supón un 50% , polo que os datos que figuran a continuación haberá que tomalos como bastante cautela e só como unha orientación:

- ✓ A maior parte do profesorado ten como lingua materna o castelán (65,2%), aínda que unha parte importante considera como lingua materna tanto o castelán como o galego (30,4%) e tan só unha persoa, o galego.

- ✓ Cando se pregunta pola lingua vehicular, o 57% responden que usan indistintamente as dúas linguas; mentres que o 39% usa exclusivamente o castelán e non hai ninguén que empregue só o galego. Unha persoa utiliza outra lingua, aínda que non se indica cal.

Se engadimos a estes datos, a observación directa da realízade, podemos constatar que o uso da lingua castelán predomina sobre a galega entre este sector da comunidade educativa.

En canto a competencia lingüística do galego, só o 13% indican que o seu nivel nesta lingua é baixo (2 persoas) ou escaso (1 persoa); destas, só unha recoñece non ter recibida ningunha formación neste idioma.

A lingua máis utilizada nas súas clases polo profesorado que contestou a enquisa é o castelán: o 35% o utiliza en exclusividade e o 22% maioritariamente. Do mesmo xeito se emprega en maior medida material nesta lingua (o 22%, unicamente e o 35%, maioritariamente). Só 4 persoas imparten docencia unicamente en galego e unha faino de forma maioritaria; 6 persoas empregan exclusivamente material en galego e só unha, maioritariamente.

Para rematar este apartado, comentar que unha ampla porcentaxe deste profesorado considera enriquecedor para o alumnado que se impartan as clases en galego (o 86%).

2.3.3. A SITUACIÓN DO ALUMNADO

Como xa se comentou no apartado 2.2. no IES As Telleiras hai dous tipos de alumnado: o de diúrno (constitúe a maioría) e o de nocturno. As enquisas fixéronse só ao primeiro grupo, formado no curso 2018-19 por 508 alumnos e alumnas. O número de enquisas recollidas foi de 474, o que supón que o 93,11% de alumnado contestou ás preguntas formuladas; este dato permítenos elaborar un perfil sociolingüístico bastante exhaustivo e fiable deste sector da nosa comunidade.

O tipo de preguntas que se realizaron a través das enquisas están relacionadas cos usos lingüísticos nos diferentes ámbitos, coa súa competencia comunicativa en galego e coas súas actitudes cara á normalización social do galego e á súa utilización no ámbito educativo.

A continuación pasamos a expoñer os datos recollidos:

✓ O 78,35 % do alumnado do centro utiliza o castelán como lingua habitual na vida cotiá e só o 1,27% emprega o galego. O 19,53% manéxase habitualmente nas dúas linguas. Hai unha porcentaxe mínima que usa unha lingua distinta (0,85%). Os datos da 2ª e da 3ª pregunta melloran un pouco esta situación.

✓ Uso habitual no ámbito familiar: 66,53%: castelán; 6,78%: galego; 25,64%: galego e castelán. Temos unha porcentaxe mínima de alumnado (5 alumnos/as do centro) que utiliza na súa vida familiar unha lingua distinta ao galego e ao castelán, o que indica que a incidencia é moi baixa e, polo tanto, non afecta en gran medida á planificación lingüística do centro xa que, en xeral, non necesitaría unha consideración diferente ao resto.

✓ Uso habitual no ámbito educativo: 70,64%: castelán; 1,7%: galego; 27,66%: galego e castelán. Ningún alumno/a emprega outra lingua distinta.

✓ Con respecto á consideración que teñen con respecto á súa competencia comunicativa en galego, os datos son bastante positivos xa que o 51,16% considera que é excelente ou bastante boa; mentres que só o 5,71% pensa que é baixa ou mala; unha parte importante (43,13%) opina que é aceptable.

✓ En relación á súa actitude cara á normalización social do galego, o 78,3% ten unha visión favorable e só hai un 3,4% que a ve como algo totalmente negativo; o 18,3% non se pronuncia sobre o tema ou non ten clara a súa opinión.

✓ Cando se lles pregunta pola súa valoración sobre a normalización do galego no ámbito escolar, vena como moi positiva o 51,8% e enriquecedora o 23,9%; pola contra, o 24,3% considéranla como unha dificultade que pode afectar negativamente nos seus estudos.

Estes datos amosan que hai unha situación de desigualdade manifesta no uso das dúas linguas da nosa comunidade, en favor do castelán, que é a lingua utilizada maioritariamente polo alumnado en todos os ámbitos; tamén se constata que a porcentaxe de alumnado que ten outra lingua materna distinta ao galego ou ao castelán, é ínfima. Sen embargo, a actitude cara á normalización e á utilización do galego no ámbito educativo é, en xeral, bastante positiva. Este feito está en consonancia cos hábitos e usos lingüísticos predominantes nas familias da zona, que xa se comentou no apartado 2.3.1.

Como resultado da propia observación directa, podemos engadir que aínda que unha gran maioría do noso alumnado é castelán falante, comprende sen ningunha dificultade a lingua galega. Normalmente recibimos poucos/as alumnos/as doutros países ou doutras comunidades autónomas, aínda que nos últimos anos este dato se está incrementando: neste curso 2018-19 temos 10 alumnos/as de nacionalidade estranxeira, moitos deles de países castelán falantes (Uruguai, Colombia, República Dominicana) ou cunha lingua próxima ao galego (Portugal e Brasil; so dous alumnos teñen unha nacionalidade de países cunha lingua diferente: Guinea Ecuatorial e Romanía.

2.3.4. A AMBIENTALIDADE LINGÜÍSTICA DO CENTRO

As variables deste punto buscan coñecer cal é a presenza que ten a lingua galega na vida do centro, fóra da que teña nas actividades docentes. Sérvennos para indicar en que medida o centro é, ou non, un ecosistema favorable á utilización da lingua galega.

a) Presenza da lingua galega na documentación administrativa (rotulado do centro, notas informativas do taboleiro,...)

O galego é a lingua utilizada en toda a documentación administrativa, tanto no rotulado como nas notas informativas como en calquera outro tipo de documentación que se utiliza no centro. Sen embargo chama a atención o feito de que haxa aínda un rotulado exterior en castelán; o mesmo sucede coa mensaxe oral do teléfono da porta de acceso peonil.

b) Emprego da lingua galega nas comunicacións orais e escritas co alumnado, coas familias e con outras institucións

A lingua empregada nas comunicacións escritas tanto co alumnado, coas familias coma con outras institucións (a nivel de Galicia) é o galego. Nas comunicacións orais estase a utilizar maioritariamente a lingua castelá.

c) Emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado en contextos informais

O profesorado de galego utiliza a lingua galega e, en xeral, o resto do profesorado a lingua vehicular usada nas clases; se ben a lingua predominante é o castelán.

Entre o persoal non docente só unha persoa emprega o galego habitualmente nas conversas co alumnado e coas familias.

d) Emprego da lingua galega por parte do persoal non docente do centro

Como se recolle no apartado anterior, o persoal non docente do centro é maioritariamente castelán falante: dos tres bedeis que hai, só un emprega habitualmente o galego; ninguén do persoal de limpeza (4 persoas) e de secretaría (2 persoas) utiliza esta lingua.

e) Emprego da lingua galega por parte do ANPA

A lingua usada para a relación entre esta asociación e a comunidade educativa (cartelería, páxina web, blog, comunicacións de actividades,...) é o galego.

f) Emprego da lingua galega na realización das actividades extraescolares

Toda a documentación escrita do centro relativa a actividades extraescolares está en galego (páxina web, documentos de calidade, informacións entregadas ás familias,...)

Do mesmo xeito, na maioría da documentación externa (Xunta, Concello, diversas institucións,...) emprégase a lingua galega. Por último, indicar que unha porcentaxe importante das persoas externas ao centro que intervén nas actividades extraescolares usa tamén esta lingua.

g) Dotación de fondos na biblioteca

No que se refire á dotación bibliográfica de ficción hai igualdade, polo que podemos dicir que o 50% das obras literarias están en galego; esta proporcionalidade non se mantén noutros tipos de documentos:

- vídeos: só o 10% están en galego.
- libros informativos: a mesma porcentaxe que no apartado anterior.

En canto ás bibliotecas de aula, os fondos están predominantemente en castelán.

h) Presenza da lingua galega na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación (páxina web do centro, blog da biblioteca,...)

- Todas as entradas da páxina web están exclusivamente en galego (información xeral do centro, sistema de calidade, secretaría, alumnado, pais/nais, actividades extraescolares, ensino de adultos; a documentación propia dos departamentos -programacións e presentacións de materia- publicada nos espazos dos distintos departamentos tamén están nesta lingua.
- Existen no centro dous espazos de traballo co alumnado que son a aula virtual e a plataforma EVA-Edixgal na que se emprega a lingua galega.
- O blog da biblioteca (“Bibliotelleiras”) emprega só o galego en todas as súas entradas (información, animación á lectura, recomendacións...).

Así mesmo, todas as comunicacións por vía electrónica entre a dirección do centro e o profesorado realízanse tamén nesta lingua.

i) Visibilidade das accións da Equipa de Normalización e Dinamización Lingüística

A presenza desta equipa é constante no centro e faise visible por diferentes medios:

- espazo reservado na páxina web do instituto.
- cortiza reservada no vestíbulo do centro.
- paneis informativos nas aulas.
- exposicións sobre temas diversos.
- reunións de coordinación entre os membros da equipa e co alumnado.
- organización de actividades internas e/ou de colaboración con outros centros da bisbarra
- incentivo da participación do alumnado nas actividades propostas pola equipa a través de folletos informativos, contactos directos con el,...

Despois da análise de todas estas variables, podemos concluír que o IES As Telleiras é un entorno favorable á utilización da lingua galega e fomenta de diferentes formas e con diferentes recursos o uso desta lingua.

3. DEFINIÇÃO DA ZONA DE MELLORA

- Tras as análises realizadas, detéctase unha ampla necesidade de mellora con respecto ao uso do galego, especialmente na súa vertente oral; é necesario, pois, fomentar a utilización desta lingua nas actividades complementarias e en todos os actos que organice o centro: reunións de pais, festivais, conferencias, etc.
- Tratándose dun contorno castelán falante, o mantemento da lingua familiar do alumno, é dicir, do castelán, non precisa de atención especial pois vese favorecido pola presenza e prestixio do castelán na sociedade. Aínda que o alumnado debe vir da etapa de primaria cunha boa competencia en galego, a experiencia demostra carencias a nivel oral e escrito polo que os avances se manterán continuando a traballar de xeito intenso a mellora desa competencia.
- Aínda que a presenza no centro de alumnado inmigrante non é moi ampla, si atopamos nos últimos anos alumnos/as que presentan déficit lingüístico ou insuficiente dominio das linguas, polo que é esencial o desenvolvemento de medidas que traten de paliar as súas deficiencias e lles permitan mellorar a súa competencia lingüística.
- Tendo en conta o mundo globalizado no que vivimos e a importancia que poden ter no futuro académico e profesional do alumnado, sempre debe ser unha área de mellora dun PLC fomentar o coñecemento e o uso das linguas estranxeiras, especialmente do inglés, máis alá do que xa aparece especificado nos currículos.

4. OBXECTIVOS DO PROXECTO

- Utilizar, promover e divulgar a lingua galega en todas as actividades do centro.
- Traballar cara á consecución dunha boa competencia nas dúas linguas oficiais.
- Promover a lectura, fala, comprensión e escritura na lingua propia da nosa Comunidade.
- Seguir promovendo a escrita en galego en todas as comunicacións que saian do centro, así como toda a documentación empregada a nivel interno.
- Manter informada á comunidade educativa de acontecementos vinculados coa cultura galega na zona: exposicións, festexos, revistas, concursos...
- Dotar ao centro dos materiais curriculares axeitados para o coñecemento da lingua e cultura galegas.

- Facilitar a asistencia ao centro de ilustradores, escritores, contacontos, grupos teatrais e de música tradicional, ou persoeiros relevantes da escena pública, que promovan a lingua e cultura galegas.
- Fomentar o uso das TICs empregando o galego.
- Potenciar a valoración positiva do uso do idioma galego por parte de todos os membros da comunidade educativa.
- Posibilitar a integración do alumnado que non posúa coñecemento suficiente da lingua predominante, atendendo á inmersión lingüística do alumnado inmigrante se o houber.
- Potenciar a visión dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega como órgano de coordinación docente e dar visibilidade explícita ás súas actuacións.
- Informar e implicar ás familias no proceso dinamizador e normalizador. Promocionar as festas tradicionais galegas.
- Promover o coñecemento da contorna inmediata: características do medio natural, historia, arte, xeografía...
- Dotar á biblioteca e ás aulas de materiais informáticos e audiovisuais en galego, e promover o seu uso.
- Ampliación dos fondos das biblioteca das aulas, procurando unha literatura en galego atractiva para o alumnado.
- Fomentar a lectura en galego durante a “Hora de ler”.
- Manter e promover relacións abertas co concello, asociacións veciñais, ANPA e outros Equipos de Dinamización da Lingua Galega.
- A estes obxectivos hai que engadir-lles os que se contemplan dentro da programación do EDLG do centro.

5. ACCIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

5.1. Para o fomento da lingua galega

Cada curso inclúense na programación do EDLG as actividades que se van realizar e que de xeito resumido se presentan a continuación:

- ✓ Celebración das festas tradicionais e culturais do ciclo anual (Nadal, Entroido,...)
- ✓ Semana das Letras Galegas (exposicións sobre o/a autor/a homenaxeado/a, proxeccións sobre a vida e a obra, lectura de fragmento de obras,...)
- ✓ Participación en certames literarios (Carmela Loureiro, Poesía e imaxe,...)
- ✓ Certame Intercentros, en colaboración con todos os centros de Narón, que inclúe actividades para o fomento de expresión oral e escrita.
- ✓ Actividades de expresión oral (asistencia a representacións teatrais, obradoiro de regueifas,...)
- ✓ Campaña de fomento da lectura en galego.
- ✓ Obra ilustrada en varias linguas.

Por outra banda dende o Departamento de Lingua galega e dende Vicedirección tamén é habitual a realización de actividades extraescolares con esta finalidade como visitas a institucións - museos, RAG, casa de Rosalía-, encontros con autores/as, asistencia a representacións teatrais...

5.2. Para a mellora da competencia lingüística das dúas linguas oficiais:

– Para o alumnado con NEE:

O Proxecto Lingüístico de Centro (PLC) é decisivo en relación coa atención á diversidade; en especial, cando se trata de necesidades relacionadas co déficit lingüístico- A partir da detección e valoración inicial, organizaranse os apoios e estableceranse as medidas pertinentes, tanto de apoio en aula por parte dos profesores que teñan horas dispoñibles como do profesor/a de Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe se fose preciso. En xeral, contéplanse as seguintes medidas (recollidas no Plan de atención á diversidade):

- ✓ Existencia de grupos de desdobre, grupos de reforzo e agrupamentos específicos nas linguas oficiais e nas estranxeiras.
- ✓ Atención individualizada dentro e fóra da aula por parte do Departamento de

Orientación.

- ✓ Adaptación dos materiais das distintas linguas para aquel alumnado que o precise.
- **Actividades promovidas dende a biblioteca do centro para o fomento do hábito lector** (recollidas e explicadas máis detalladamente no Proxecto Lector de Centro):

- ✓ Bibliotecas de aula: hora de ler
- ✓ Clubs de lectura
- ✓ Concursos literarios
- ✓ Conmemoración de datas especiais (Nadal, Samaín, Día da paz, Día internacional da muller, Día do libro,...) con exposicións e proxeccións variadas.

Dende o Departamento de Lingua Castelá tamén é habitual a realización de actividades extraescolares como visitas a museos, encontros con autores/as, recitais,...

5.3. Para a mellora da competencia en linguas estranxeiras

Con respecto a este ítem contéplase as seguintes accións:

- ✓ Seccións bilingües (especificadas na PXA)
- ✓ Plan de formación de centros (PFPP): inclúe un grupo de traballo que se encarga de elaborar material específico para desenvolver nas seccións bilingües e, cando procede, segundo as necesidades de formación do profesorado, ofrécense cursos de formación en linguas estranxeiras para este sector.
- ✓ Dentro dos departamentos de linguas estranxeiras e dende vicedirección, prográmanse actividades extraescolares que buscan a inmersión lingüística do alumnado (viaxes a Londres, París...) e a mellora da comprensión oral a través de representacións teatrais nestas linguas.
- ✓ Implicación do centro en proxectos internacionais como ERASMUS+ que supón a mobilidade e o intercambio con outros centros.
- ✓ Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.

6. ORZAMENTO E RECURSOS NECESARIOS

• Orzamento:

Non se contempla un orzamento específico para o Proxecto Lingüístico de Centro, pero si para o desenvolvemento do Plan de Formación do Centro, do Plan de Actividades Extraescolares e do PLAMBE que recollen actividades para a mellora da competencia lingüística do alumnado tanto nas linguas cooficiais da nosa comunidade como nas linguas estranxeiras.

Si conta cun orzamento específico a programación de actividades por parte do Equipo de Dinamización Lingüística encamiñadas ao fomento do galego que se establece cada curso académico segundo as propostas que se presenten. Puntualmente empréganse recursos dos departamentos de linguas para realizar actividades de mellora da competencia lingüística, especialmente a oral (encontros con autores/as, representacións teatrais,...)

• Recursos humanos

- Todo o profesorado do centro

- Colaboración con:

- ✓ ANPA.
- ✓ Concellería de Educación, Cultura e Normalización Lingüística do concello de Narón.
- ✓ Dirección Xeral de Política Lingüística.
- ✓ Outros centros educativos da zona e outros equipos da dinamización da lingua galega do concello de Narón.

• Recursos materiais

- Biblioteca escolar ben dotada: dicionarios variados, libros de lectura, libros de consulta, enciclopedias...

- Bibliotecas de aula.

- Aula de audiovisuais

- Un ordenador, proxector e pantallas con conexión a internet en todas as aulas .

- Aulas de informática con conexión a Internet, canón, encerado dixital...
- Taboleiro de anuncios.
- Material achegado por distintas institucións sobre dinamización e normalización lingüística e promoción da lingua e cultura galega.
- Páxina web do centro.

7. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN INTERNA

Todas as actividades relacionadas co desenvolvemento da competencia lingüística realízanse dentro de cada proxecto específico (PLAMBE, EDLG, Plan de formación,...) e , ao final de cada curso académico, elabóranse memoria/addendas nas que se fai unha análise das actividades realizadas e accións de mellora para o curso seguinte.

As actividades extraescolares realizadas polos departamentos de linguas e/ou por vicedirección son avaliadas a través dun documento específico (MDPQ070101 *Plan de actividade extraescolar*) no que se comentan os aspectos que saíron ben e aqueles que se poderían mellorar.

Dentro do Plan de formación realízanse enquisas para coñecer o grao de satisfacción coas accións realizadas e incorporar novas propostas.

8. ANEXOS

[Anexo I: gráficas cos resultados das enquisas ao profesorado.](#)

[Anexo II: gráficas cos resultados das enquisas ás familias.](#)

[Anexo III: gráficas cos resultados das enquisas ao alumnado.](#)